

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, integrante do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa as eivas de funcionamento en materia de cooperación nas emerxencias.

Semella que o folgo principal do programa ARIEN 112 resulte ser a construción dunha fantasía ao servizo do poder. Que hai de colaboración, alén das cimeiras de cargos públicos e das manobras publicitarias, para acordar de maneira efectiva protocolos de actuación, homoxeneizar equipamentos, mellorar as dotacións e as comunicacións, impartir formación, etcétera.

Logo de anos de vixencia deste programa cómpre realizar un balanço dos logros efectivos deste programa, avaliar a eficacia e eficiencia dos orzamentos públicos e acordar actuacións que rectifiquen a actual situación. A coordinación efectiva entre os servizos de emerxencias da Raia require correccións centrais.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que cursos de formación recibiron os traballadores dos servizos de emerxencias para implementar no seu traballo a cooperación transfronteiriza neste eido?
- Que cambios nas prácticas de traballo incorporáronse dende a posta en marcha do programa ARIEM? Que procedementos de traballo se modificaron e en que aspectos e actuacións concretas? Que novas ferramentas empregan os traballadores? Que novos equipos recibiron para realizar o seu traballo?
- Cal é o organigrama de mando nunha operación que conte con persoal das dúas nacionalidades e cos diversos organismos implicados? Que procedementos de comunicación empregan?



- Cal é a velocidade de resposta do posto de mando avanzado da AXEGA se para atender ao accidente, sen investigar no Parlamento Galego, en Angrois tardou 2 horas?
- Cal son os tempos de resposta previstos para dispor dos medios usados nos simulacros que veñen de Castela é Portugal?

En Compostela, a 10 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/02/2015 15:44:48